

ACTA NÚM. 2/2026.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2026.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de febreiro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

WALDO CARBALLO GARCÍA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 04.02.2026.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.12.2025 AO 13.02.2026.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A EXECUCIÓN CONXUNTA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO NOS TERMOS DA AXUDA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA.

4º) CONVALIDACIÓN DECRETO DE APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE AMES PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS.

5º) MOCIÓN.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA CONSEGUIR AVANZAR EN IGUALDADE REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 04.02.2026.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 1/2026, do 04.02.2026.

Sometida a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.12.2025 AO 13.02.2026.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
00818/2025	12/12/2025	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 17/12/2025 ÁS 13:00 HORAS
00819/2025	15/12/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA EXTRA DE DECEMBRO.
00820/2025	15/12/2025	CONVOCATORIA DA XGL ORDINARIA PARA O DÍA 16.12.2025 ÁS 14:00 HORAS.
00821/2025	15/12/2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DE REHABILITACIÓN E IMPERMEABILIZACIÓN DA CUBERTA DA ESCOLA DE MÚSICA
00822/2025	15/12/2025	CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA COBERTURA DUNHA VACANTE
00823/2025	15/12/2025	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE LIQUIDACIÓN DA OBRA REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00824/2025	15/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/59 OMISIÓN
00825/2025	15/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/60 CONTRATO
00826/2025	16/12/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461891
00827/2025	16/12/2025	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 68
00828/2025	16/12/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 25300046161
00829/2025	16/12/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462542

00830/2025	17/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/61
00831/2025	17/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/62 (+3.000)
00832/2025	17/12/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 226
00833/2025	17/12/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 227
00834/2025	18/12/2025	INCOACIÓN DE ERLU NO LUGAR DE OUTEIRO - OS ÁNXELES.
00835/2025	19/12/2025	RECLAMACIÓN DE DOUS TRABALLADORES CONTRA O EXPEDIENTE DE PRODUTIVIDADE
00836/2025	19/12/2025	NOMEAMENTO DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PO 725/2025 PRODUTIVIDADE (DEMANDANTE: C.P.)
00837/2025	19/12/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA VIARIO ALDEA DE CORUXIDO A SABAXÁNS.
00838/2025	19/12/2025	SOLICITUDE DE OBRADOIRO DUAL DE MPREGO
00839/2025	19/12/2025	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. DECEMBRO 2025
00840/2025	19/12/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. ATRASOS SUBIDA 2,5%. XANEIRO-NOVEMBRO 2025.
00841/2025	22/12/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037541
00842/2025	22/12/2025	ACORDO DE INICIO 9 BIS EN MATERIA DE TRÁFICO DE NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000037540
00843/2025	22/12/2025	ACORDO DE INICIO 9 BIS EN MATERIA DE TRÁFICO DE NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000037610
00844/2025	22/12/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037622
00845/2025	22/12/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR
00846/2025	23/12/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 17/2025. T.C. 2/2025
00847/2025	23/12/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PARA DXAL. CONVENIO GES. ANO 2025.
00848/2025	23/12/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO 8/2025
00849/2025	23/12/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA XUNTA PARA OBRADOIROS DUAIS DE MPREGO
00850/2025	23/12/2025	REDUCCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA. POS 3/2025 E POS 4/2025
00851/2025	26/12/2025	APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA ESCOLARIZACIÓN 2025-2026
00852/2025	26/12/2025	LIQUIDACIÓN 4º TRIMESTRE MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA
00853/2025	26/12/2025	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS 2024 E ACHEGA 2025.
00854/2025	26/12/2025	CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO 2025-2028. ANUALIDADE 2025.
00855/2025	26/12/2025	PAGAMENTO DAS COMISIÓNS DE SERVIZOS A POLICÍAS LOCAIS DOUTROS CONCELLOS POR SANTA MINIA.
00856/2025	29/12/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO 10.11.2025 TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA
00857/2025	29/12/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EXPLOTACIÓN CAFÉ- BAR CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
00858/2025	29/12/2025	APROBACIÓN ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO CON ROIS PARA O PROXECTO ACONDICIONAMENTO DE CODESIDO A SABAXÁNS

00859/2025	29/12/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - DECEMBRO 2025
00860/2025	29/12/2025	ASIGNACIÓN A GRUPO POLÍTICO. PSG-PSOE CONCELLO DE BRION
00861/2025	29/12/2025	ASIGNACIÓN A GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
00862/2025	29/12/2025	ASIGNACIÓN A GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL. PARTIDO POPULAR
00863/2025	29/12/2025	ASISTENCIAS A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS (01.09.2025 AO 31.12.2025)
00864/2025	29/12/2025	INCREMENTO SAF EXPTE. 15/2025-D
00865/2025	29/12/2025	CONTA XUSTIFICATIVA DA COMISIÓN DE SERVIZO DO ALCALDE A SEDE DO IDAE DE MADRID 26 E 27 DE NOVEMBRO
00866/2025	29/12/2025	PRÓRROGA DO ORZAMENTO DE 2024 PARA 2026
00867/2025	30/12/2025	ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA. LIQUIDACIÓN DA ACHEGA 2025.
00868/2025	30/12/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 19/2025. T.C. 3/2025
00869/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/64 (+3.000)
00870/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/66
00871/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/63 CONTRATO
00872/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/65 OMISIÓN
00873/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/68 CONTRATO
00874/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/69
00875/2025	30/12/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/67 ADQUISICIÓN PARCELA FINCA REXISTRAL 20842
00876/2025	30/12/2025	APROBACIÓN PAGO CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA O REFORZO DA POLICÍA LOCAL FESTAS DE SANTA MINIA.
00001/2026	02/01/2026	DESIGNACIÓN DE ASISTENCIA LETRADA NO PROCEDEMENTO XUDICIAL: PA 128 2025.
00002/2026	12/01/2026	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL (EXTRAORDINARIA XANEIRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2025/26
00003/2026	12/01/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037705
00004/2026	12/01/2026	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2025 POR PROMOCIÓN INTERNA.
00005/2026	14/01/2026	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2025
00006/2026	14/01/2026	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE DECEMBRO DE 2025
00007/2026	15/01/2026	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS DECEMBRO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00008/2026	15/01/2026	CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN GES POR SUBSTITUCIÓN DE ILT.
00009/2026	15/01/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000656725
00010/2026	15/01/2026	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XANEIRO 2026
00011/2026	15/01/2026	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA E DEPENDENCIA OUTUBRO 2025
00012/2026	16/01/2026	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00013/2026	19/01/2026	APROBACIÓN BASES CONCURSO ENTROIDO 2026
00014/2026	19/01/2026	COMPOSICIÓN DO XURADO DO VIII PREMIO LAUDAMUCO 2026

00015/2026	19/01/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 20/01/2026 ÁS 14 HORAS
00016/2026	20/01/2026	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA DOGA
00017/2026	20/01/2026	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES 2025. DEPUTACIÓN
00018/2026	20/01/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037896
00019/2026	20/01/2026	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN ESPECIAL SOBRE PATRIMONIO CULTURAL PÚBLICO OU DE XESTIÓN MUNICIPAL.
00020/2026	20/01/2026	ADXUDICACIÓN DE INMOBLE-VIVENDA A MEMBRO DO POSTO DA GARDA CIVIL
00021/2026	20/01/2026	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE REHABILITACIÓN DA PONTE DA TELLEIRA
00022/2026	21/01/2026	APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE AMES PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS.
00023/2026	21/01/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 228 E BAIXA TED Nº36
00024/2026	21/01/2026	PADRÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA 4º TRIMESTRE DE 2025
00025/2026	23/01/2026	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 34
00026/2026	23/01/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 229
00027/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA. OBRA MELLORA DO VIARIO EN A TELLEIRA. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
00028/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DE FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
00029/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN FIANZA. INSTALACIONES MYMELEC ENERXÍA S. L.
00030/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA. MELLORA DO VIARIO NA ALDEA DE ESPARÍS A DP-1302 E OUTROS. EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
00031/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN DE FIANZA. VIVENDA UNIFAMILIAR EN CAXUSA 18
00032/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN O CABO 28
00033/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN GUISANDE 21
00034/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR O CABO 24
00035/2026	26/01/2026	DEVOLUCIÓN DE FIANZA CONSTRUCCIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR EN LAMIÑO 68
00036/2026	26/01/2026	INICIO EXPEDIENTE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES ANO 2026
00037/2026	27/01/2026	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CASA TABOADA S.C. XANTAR FESTA DOS MAIORES 2025
00038/2026	27/01/2026	ADXUDICACION DEFINITIVA (EXTRAORDINARIA XANEIRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2025/26
00039/2026	28/01/2026	RENUNCIA AO POSTO DE TRABALLO DUN EMPREGADO PÚBLICO DESTE CONCELLO
00040/2026	28/01/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA: SECTORIZACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO.
00041/2026	28/01/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA: IMPERMEABILIZACIÓN DE POZOS DE SANEAMENTO E MONOTORIZACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS.
00042/2026	28/01/2026	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2026-M

00043/2026	28/01/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000037976
00044/2026	28/01/2026	ACORDO DE INICIO 9 BIS EN MATERIA DE TRÁFICO DE NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000037975
00045/2026	28/01/2026	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 105
00046/2026	28/01/2026	ANULACIÓN LISTA DE AGARDA DE PERSOAL TÉCNICO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR - EDUCACIÓN FAMILIAR
00047/2026	28/01/2026	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. XANEIRO 2026.
00048/2026	29/01/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 03.02.2026, ÁS 13:00H.
00049/2026	29/01/2026	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 04.02.2026, ÁS 13:00H.
00050/2026	29/01/2026	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DUN EMPREGADO PÚBLICO DESTE CONCELLO.
00051/2026	30/01/2026	BAIXAS POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES ANO 2026
00052/2026	30/01/2026	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2026
00053/2026	30/01/2026	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XANEIRO DE 2026
00054/2026	03/02/2026	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXA AUGAS DE GALICIA
00055/2026	03/02/2026	APROBACIÓN LISTADOS DEFINITIVOS CONCILIA ENTROIDO 2026
00056/2026	03/02/2026	BAIXA SAF_EXPTE.09/2025-D
00057/2026	03/02/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000038079
00058/2026	04/02/2026	ACTUALIZACIÓN COPAGO EXPTE. SAF 03/2021-D
00059/2026	04/02/2026	DECREMENTO SAF EXPTE. 13/2025-D
00060/2026	04/02/2026	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 02/2025-D
00061/2026	04/02/2026	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 04/2023-D
00062/2026	04/02/2026	APROBACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO PROXECTO MELLORA DE VIARIO EN GUITIANDE.
00063/2026	04/02/2026	ADHESIÓN AO CONVENIO DA XUNTA DE XESTIÓN DA BIOMASA 2026-2029
00064/2026	05/02/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463440
00065/2026	06/02/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462167
00066/2026	09/02/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462230
00067/2026	09/02/2026	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE HERBA ARTIFICIAL
00068/2026	09/02/2026	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO 1/2026
00069/2026	11/02/2026	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN XESTIÓN E DINAMIZACIÓN COWORKING 2026
00070/2026	11/02/2026	ALTAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NO PADRÓN DO LIXO ANO 2026
00071/2026	11/02/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000038161
00072/2026	11/02/2026	ACORDO DE INICIO 9 BIS EN MATERIA DE TRÁFICO DE NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000038160
00073/2026	11/02/2026	ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO

		DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL
00074/2026	11/02/2026	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN GABINETE DE COMUNICACIÓN
00075/2026	11/02/2026	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO 17.12.2025 DE APROBACIÓN ORDENANZA PROTECCIÓN CAMIÑOS E VÍAS
00076/2026	11/02/2026	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS DE XANEIRO 2026. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303.
00077/2026	12/02/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 17.02.2026, ÁS 13:00H.
00078/2026	12/02/2026	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA BOLSA DE TRABALLO TÉCNICO EN INTERVENCIÓN FAMILIAR-EDUCADOR FAMILIAR
00079/2026	12/02/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA SERVIZOS BÁSICOS EN ZONAS RURAIS (MR711D)
00080/2026	12/02/2026	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE.15/2025-D
00081/2026	12/02/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000761052
00082/2026	13/02/2026	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 18.02.2026, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A EXECUCIÓN CONXUNTA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO NOS TERMOS DA AXUDA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.02.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17.02.2026, que transcrita di:

Por Resolución de 15.10.2025 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, se concedeu unha subvención para a posta en práctica dun programa integrado de emprego de Galicia durante os anos 2025 e 2026, ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2025 (DOG nº 136 do 17 de xullo de 2025).

Vista a necesidade de aprobar un convenio de colaboración co Concello de Ames para a xestión do Programa Integrado 2025-2026.

Resultando que o convenio xa foi aprobado polo Pleno do Concello de Ames o 29.12.2025.

Visto o informe de secretaría do 12.02.2026.

Visto todo o anterior, elévase por esta Alcaldía ao Pleno, previo ditame pola Comisión Informativa de Servizos, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ames e o Concello de Brión para a concreción das actuacións para a execución conxunta do programa integrado de emprego nos termos da axuda concedida pola Xunta de Galicia, que se xunta a esta proposta como Anexo I.

2º) Facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura e para os actos de trámite que sexan precisos.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN PARA A EXECUCIÓN CONXUNTA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO NOS TERMOS DA AXUDA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA.

En Ames, na data da sinatura

REUNIDOS

D. José Blas García Piñeiro, alcalde-presidente do concello de Ames, e D. Pablo Lago Sanmartín, alcalde-presidente do concello da Brión, e actuando en nome e representación dos respectivos concellos de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio, e, para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Con data 17 de xullo de 2025 publicouse no D.O.G. Nº 136 a ORDE do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A).

SEGUNDO.- Tendo en conta a realidade socio-demográfica destes concellos apréciase a necesidade de realizar un programa integrado de emprego conxunto que abarque os respectivos ámbitos territoriais, dadas as evidentes necesidades de mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevistas, fomento da capacidade emprendedora, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral e mobilidade xeográfica.

Estes programas, permítenlles ás persoas participantes adquirir experiencia profesional e acadar formación en varias materias, mellorando con iso a súa empregabilidade de cara á incorporación ao mercado laboral.

TERCEIRO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

CUARTO.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s.

QUINTO.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

SEXTO.- Con data 15 de outubro de 2025, recíbese resolución de concesión de axuda asinada pola Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, por importe de 220.000,00€ coa achega dos municipios de 37.723,29 € (nº exp.: TR332A 2025-44), co seguinte desglose:

SUBVENCION 2025	COFINAN C. 2025	SUBVENCION 2026	COFINAN C. 2026	TOTAL SUBVENCION	TOTAL PROXECTO
55.000,00€	9.430,82€	165.000,00€	28.292,47	220.000,00 €	257.723,2

			€		9 €
--	--	--	---	--	-----

Por todo o anterior, os concellos de Ames e Brión, concretan as súas actuacións no marco do presente Convenio de Colaboración para levar a cabo as actuacións para a execución conxunta do programa integrado de emprego nos termos da citada ORDE do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025.

Ante o cal as partes asinantes formalizan o seguinte convenio de colaboración coas cláusulas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto determinar as condicións polas cales se levará a cabo, no sucesivo, a colaboración entre os concellos de Ames e Brión para a solicitude e demais actuacións precisas para a execución conxunta dun Programa integrado de Emprego, nos termos da citada ORDE do 16 de xullo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio, e Emigración.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación abarca o territorio dos concellos de Ames e Brión.

A denominación do Programa integrado será “**Programa Integrado de Emprego do concello de Ames 2025-2026**”.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS DE COLABORACIÓN

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público de xeito compartido
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada
 - Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

O Concello de Ames será o responsable técnico e administrativo da xestión do convenio

de colaboración para solicitar e levar a cabo de forma conxunta o programa integrado de emprego nos termos da citada Orde, representando aos dous concellos en todas as relacións coa Xunta de Galicia.

A tal efecto o Concello de Ames procedeu a realizar a solicitude de subvención ante a Consellería de Emprego, Comercio, e Emigración da Xunta de Galicia, correspondéndolle a súa xestión integral. Así mesmo, corresponderalle, na fase de execución do proxecto, a contratación do persoal seleccionado e a contratación dos servizos e subministros necesarios, facéndose cargo do pagamento dos mesmos para proceder á xustificación do proxecto subvencionado.

Coa sinatura deste convenio o Concello de Brión delega no Concello de Ames as súas facultades para que realice, en nome dos dous concellos, a tramitación administrativa ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, do expediente da subvención para o Programa integrado de emprego que se solicita ao abeiro da *orde* do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2025 e 2026 (TR332A 2025-44), e deberá remitir ao Concello de Ames a documentación correspondente ao seu concello esixida nos artigos 5 e 6 da orde da convocatoria.

Así mesmo, o Concello de Brión delega a xestión do programa integrado de emprego para que, unha vez concedida a subvención, se proceda por parte do Concello de Ames á contratación do persoal e á contratación dos servizos e subministros necesarios para a posta en marcha e execución do proxecto.

O Concello de Ames, e na súa representación o alcalde D. José Blas García Piñeiro, acepta, coa sinatura do presente convenio, a delegación do Concello de Brión como responsable técnico e administrativo tanto da correspondente solicitude, como da execución e xustificación do proxecto ante a Xunta de Galicia.

Cada un dos concellos designará a un representante para formar parte do grupo de traballo mixto previsto nas bases da subvención.

CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas cláusulas do

mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento, execución e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, os cales serán nomeados polos seus respectivos Alcaldes-Presidentes.

SEXTA.- VIXENCIA E DURACIÓN

A vixencia do presente convenio terá unha duración de doce meses, a data de inicio é a que figura na resolución de concesión da axuda, o 15 de outubro de 2025 e rematará o 14 de outubro de 2026.

SÉTIMA – FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Os gastos xerados polo programa integrado de emprego son os previstos no Anexo I, e os non financiados pola subvención, serán custeados nun 80% polo Concello de Ames e nun 20% polo Concello de Brión, debendo anticipar ao concello de Ames, por ser o concello encargado de xestionar o proxecto e contratar os subministros e servizos, un 50% do custo fixado no proxecto. Este adianto realizarase mediante transferencia bancaria no mes seguinte a recepción da resolución de concesión da axuda.

Os custos fixados neste convenio deberán contar co respaldo orzamentario de cada un dos concellos.

Nos catro meses seguintes a contar dende o día seguinte ao de remate do programa integrado, o concello de Ames emitirá ao Concello de Brión unha liquidación definitiva. En dita liquidación recollerase, de forma detallada, os custos totais do programa e o importe que lle corresponde asumir a cada concello. O pago da liquidación definitiva, unha vez descontados os anticipos realizados, deberá facerse efectivo no prazo de quince días dende a notificación.

OITAVO.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS. MODIFICACIÓN

1.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O presente convenio resolverase:

a) Por denuncia unilateral con preaviso de un mes ou mutuo acordo.

b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra en un determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento do convenio e ás partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio

c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

2.- O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes.

Non se prevé réxime de indemnizacións máis aló da resolución do convenio no caso de que unha das partes incorra nalgunha das situacións mencionadas con anterioridade; salvo as débedas que se deriven do incumprimento das condicións económico-financeiras pactadas e recollidas no convenio. 3.- O presente convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes manifestado de forma expresa.

NOVENA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, polas partes asinantes que en caso de non chegar a un acordo, someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E para a debida constancia de todo o convido, asinan este convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data da sinatura electrónica.

O alcalde de Ames

O alcalde de Brión

José Blas García Piñeiro

Pablo Lago Sanmartín

ANEXO I

Espazo para o desenvolvemento do Programa Integrado para o Emprego:

Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames. Rúa Costaneira, 2. Aldea Nova.

Materiais adicados á realización das actividades:

Maquinaria e equipamento dispoñibles nos concellos de Ames e Brión, necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no proxecto e non subvencionados pola achega da

Consellería de Emprego, Comercio, e Emigración.

Medios persoais:

O persoal que, unha vez concedida a subvención, se determina necesario para a xestión do proxecto, o control, seguimento e xustificación do mesmo concrétese nos seguintes postos:

- 2 Técnicos de orientación/inserción/prospección para a xestión e execución do programa.
- 1 AEDL como técnico de apoio do concello de Ames
- 1 AEDL como técnica de apoio do concello de Brión
- Docentes necesarios para a realización das diferentes accións

formativas Participantes:

O número de persoas participantes total será de 100 persoas desempregadas pertencentes aos colectivos: persoas maiores de 52 anos (10); persoas menores de 30 anos (25); mulleres (40), persoas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción (10); desempregadas de longa duración (5); persoas inmigrantes (10) das que, previo o cumprimento dos criterios de colectivos afectados e demais condicionantes establecidos no proxecto, procurarase que 20 sexan residentes no concello de Brión e 80 no concello de Ames.

1.- Orzamento previsto:

Subvención solicitada:

220.000,00 €

Custo total do programa:

257.723,29 € Cofinanciamento:

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: 220.000,00 €

Cofinanciamento dos concellos (14,64%): 37.723,29 €

80 % Concello de Ames: 30.178,63

€

20 % Concello de Brión: 7.544,66 €

A planificación económica inicial prevista para o Programa Integrado de emprego dos concellos de Ames e Brión 2025-2026, adaptouse á subvención finalmente concedida e nova temporalización (expd. TR332A 2025-44), así mesmo, o orzamento fixado para determinadas

accións é modificable en función tamén dos perfís dos beneficiarios e da intensidade das intervencións deseñadas dende os itinerarios personalizados de inserción, as prácticas non laborais que se xestionen, as accións formativas a impartir e por suposto pola evolución que na inserción se vaia acadando no desenvolvemento do proxecto.

Na seguinte táboa recóllese a proposta de orzamento modificado por partidas, sen afectar ao coste total do proxecto inicial detallado por conceptos subvencionables.

A.- GASTOS DE PERSOAL	
CONCEPTO	TOTAL ANUALIDADES
Técnico Superior A.E.D.L. Brión	8.847,84
Técnico Superior A.E.D.L. Ames	11.803,25
2 Técnicos/as medios adicados ao programa	78.843,93
Traballadores por conta propia contratados para impartir formación	28.800,00
TOTAL A	128.295,02
B.- GASTOS BOLSAS DE ASISTENCIA DAS PERSOAS DEMANDANTES	
CONCEPTO	
Bolsas de asistencia a Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral	5.000,00
Bolsas de asistencia asesoramento para o Autoemprego	100,00
Bolsas de asistencia á formación para o emprego e transversal	29.304,00
Bolsas de asistencia a prácticas non laborais	8.300,00
TOTAL B	42.704,00
C.- GASTOS SUBCONTRATACIÓN FORMACIÓN	
CONCEPTO	
Formación Accións do catálogo SEPE	48.096,00

Outra formación non incluída no catálogo SEPE	30.030,00
TOTAL C	78.126,00
D. GASTOS INDIRECTOS	
Gastos de edición de material técnico	300,00
Material oficina	500,00
Enxoval, arrendamento, equipos, maquinaria...	600,00
Pólizas de seguros para a formación e prácticas profesionais	500,00
Auga, enerxía eléctrica, calefacción	698,27
Comunicacións, teléfono, correo	0,00
Limpeza de locais	2.200,00
Gastos de publicidade	100,00
Gastos de gardería e/ou atención ás persoas dependentes	900,00
TOTAL D	5.798,27
E.- GASTOS DE AUDITORÍA EXTERNA	
CONCEPTO	
Auditoría externa	2.800,00
TOTAL E	2.800,00
TOTAL (GASTOS A+B+C+D+E)	257.723,29

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) CONVALIDACIÓN DECRETO DE APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE AMES PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS.

Dada conta do decreto da alcaldía do 21.01.2026, cuxa convalidación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 17.02.2026, que transcrito di:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE AMES PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000027

ANTECEDENTES:

Con data 21 de novembro de 2025 foi publicado no DOG nº 226 pola Consellería de Sanidade a Orde do 13 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento SA463G).

En data 18 de decembro solicitouse a subvención como agrupación de entidades locais, para o concello de Ames xunto co Concello de Brión para realizar un proxecto común. Esta agrupación será regulada mediante un convenio cuxo obxecto será o desenvolvemento conxunto do proxecto, que conterá o compromiso solidario de execución e aplicación solidaria da subvención, achegas económicas e compromisos de execución asumidos polas entidades agrupadas, o compromiso de non disolver a citada agrupación mentres non transcorra o prazo de prescrición, O convenio deberá achegarse no prazo máximo dun mes contado desde a notificación da resolución de concesión.

En virtude do artigo 11 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Polo tanto e ao abeiro da Orde do 13 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, este Concello outorga a xestión desta subvención ao Concello de Ames

Visto todo o exposto e en virtude das competencias que a lexislación vixente me confire,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Encomendar ao Concello de Ames a xestión da subvención para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas solicitada á Consellería de Sanidade por Orde do 13 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por concellos mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento SA463G).

SEGUNDO.- Notificar este decreto ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometido a votación o ditame da comisión informativa, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Convalidar o decreto nos seus propios termos e facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

5º) MOCIÓN.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que presentaran unha moción para conseguir avanzar en igualdade real e efectiva fronte ao rearmamento do machismo, pero a retiran porque consensuouse cos outros grupos e será tratada como declaración institucional.

Aprobouse por unanimidade dos once membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

5.1. MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2026.

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.02.2026, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados anteriormente ao ano 2026, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondía, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada durante o ano 2026.

Considerando que se trata das cotas dunha Comunidade de Propietarios correspondentes ao exercicio 2025 pero que non foron presentadas no Concello ata o exercicio 2026, motivo polo cal non puideron ser aprobadas no exercicio correcto.

Considerando, non obstante o anterior, que si as ditas cotas non son aboadas, o Concello non tería dereito a voto nas Xuntas que se convoquen da dita Comunidade.

Considerando que tal circunstancia xustifica a urxencia na tramitación destes recibos.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Considerando, igualmente, que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI, da Lei 39/1988, do 28 de Decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, establece que se poden aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ó dispoñer que "Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesións de quita e espera".

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e recibos que se relacionan a continuación, por un importe total de 2.008,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2026/5

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2026/111	13/01/2026	116,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202503-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO MARZO LOCAIS B2P20G,B2P20H,B2P20I E B2P20J	2026 920 21200
F/2026/112	13/01/2026	116,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202504-B2920G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO ABRIL 2025 LOCAIS B2P20G,H,I,J	2026 920 21200
F/2026/124	13/01/2026	116,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202505-B2P20G COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO MAIO 2025 LOCAIS BSP20G, H,I E J	2026 920 21200
F/2026/125	13/01/2026	116,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202506-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS XUÑO 2025 LOCAIS BSP20G,H,I E J AGRONOVO	2026 920 21200
F/2026/126	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202507-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO XULLO 2025 LOCAIS BSP20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/127	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202508-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO AGOSTO 2025 LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200

F/2026/128	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202509-B2P20G, COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO SETEMBRO 2025 LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/129	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202510-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO OUTUBRO 2025 LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/130	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202511-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRONOVO NOVEMBRO 2025 LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/131	13/01/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº 202512-B2P20G; COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DECEMBRO 2025 AGRONOVO LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/203	08/02/2026	424,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº DRR.202512-B2P20G; DERRAMA DICIEMBRE, ACTA 27/10/2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS AGRO NOVO LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/204	08/02/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº DRR.202508-B2P20G; DERRAMA AGOSTO 2025 ACTA 16/06/2025 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
F/2026/205	08/02/2026	140,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	FRA Nº DRR.202507-B2P20G; DERRAMA XULLO, ACTA 16/06/2025 COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LOCAIS B2P20G,H,I E J	2026 920 21200
TOTAL		2.008,00				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

5.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE REXEITAMENTO SOBRE AS MODIFICACIÓNS A TRAVÉS DA LEI DE ACOMPAÑAMENTO DA LEI DE PATRIMONIO DE GALIZA.

Dada conta da moción referenciada, que foi obxecto de dúas emendas, unha de modificación e outra de adición, presentadas polo grupo municipal do PSG-PSOE e aceptadas polo grupo municipal do BNG, no senso de dar unha nova redacción ao apartado dispositivo núm.1, e engadir un novo apartado dispositivo núm. 4, quedando nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O próximo mes de maio de 2026 vanse cumprir dez anos da aprobación da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, que naceu coa pretensión de ser a base normativa fundamental na que se recollese o compromiso de Galiza co seu basto patrimonio cultural e histórico.

No entanto, o texto legal xa viu a luz dunha forma precaria e, cando menos, mellorábel, xa que a lei desvirtuaba a lei precedente, tal e como argumentou o BNG na fase de tramitación parlamentaria: o PP propoñía unha nova lei que desgaleguizaba a lexislación galega, desprotexía o patrimonio cultural e representaba unha política de defunción do noso patrimonio cultural.

A lei de patrimonio foi modificada varias veces e na enésima modificación, a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2026 preténdese unha “reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural”.

Na práctica, dez anos despois, lonxe de ampliar as competencias e operatividade efectiva por parte da Xunta, o PP foi baleirando a Lei de patrimonio cultural de contido, de capacidade executiva e operativa ao mesmo tempo.

Unha das consecuencias desta nova modificación é unha delegación masiva de competencias nos concellos nos ámbitos protexidos do patrimonio cultural, volvendo sobrecargar co peso de máis competencias impropias, a responsabilidade e a xestión nas administracións locais, que, por outra parte, non teñen capacidade, medios, persoal especializado (arquitectos, arqueólogas...) nin recursos económicos para informar nin actuar no ámbito do patrimonio cultural. Isto terá como consecuencia que haxa unha total disparidade de criterios na aplicación da norma nos diferentes concellos de Galiza e a consecuente desprotección do patrimonio de todas as galegas e galegos.

A delegación, como establecía inicialmente a lei, é exclusiva para concellos que cumpran cunha serie de condicións, sobre todo en canto ao persoal técnico suficiente en número e capacitación, mais a Xunta obvia este tema maior e obvia eses requisitos.

Máis unha vez, os concellos cargarán co peso orzamentario de persoal de asumir unhas competencias que lle son impropias e quen se verá afectado será o noso patrimonio e, por extensión, o conxunto da cidadanía.

O proceso de descrédito e baleirado da Lei de patrimonio cultural a través da renuncia do goberno da Xunta a xestionar as competencias exclusivas que lle son propias dá agora un novo paso adiante na desprotección do patrimonio cultural galego.

Neste contexto, no BNG consideramos que o Concello de Brión debe manifestar publicamente o seu rexeitamento á modificación da lei de patrimonio de Galiza.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º) Solicitar que calquera delegación de funcións aos concellos en materia de patrimonio cultural vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos, persoal técnico cualificado e mecanismos efectivos de coordinación interadministrativa que permitan o exercicio destas competencias con garantías.

2º) Facultar á Alcaldía para tomar cantas medidas sexan necesarias para dar cumprimento a estes acordos.

3º) Dar traslado desta moción a todas as forzas políticas representadas no Parlamento Galego.

4º) Reclamar a eliminación do silencio administrativo positivo nos procedementos que afecten a bens patrimoniais, asegurando a necesidade de informes técnicos expresos como instrumento básico de seguridade xurídica e operativa na toma de decisións.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

6.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE A PROBLEMÁTICA CO SERVIZO DE TRANSPORTE.

No pleno anterior do mes de outubro e tamén no de decembro xa trouxemos unha pregunta semellante no referido á problemática que padece o noso concello e a comarca xeral no servizo de transporte.

Comentouse no último pleno que se ía falar cos responsables de mobilidade da Xunta e que o Concello de Brión participou nesas xuntanzas anteriores. O certo é que case tres meses despois temos a mesma problemática dos usuarios do transporte de Brión: faltas de puntualidade, buses sen capacidade, falta de información, etc, sobre todo en determinadas horas do día onde máis se require do servizo correcto de bus.

A todo isto hai que engadir a falta de servizo de buses con regularidade obxectiva dende as parroquias do concello ata o centro para poder coller outros buses que nos acheguen ata Santiago ou Bertamiráns.

Que iniciativas pensa adoptar o concello, de forma real, para falar coa administración coas competencias, así como que medidas propias ten pensando adoptar para poder programar e axustar un servizo de buses entre parroquias como o que existiu algunha vez neste concello.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que temos que reiterarlle unha vez máis que neste concello non se presentou ningunha queixa por escrito relacionada co transporte metropolitano ou interparroquial, polo tanto, se vostedes son coñecedores dalgunha liña concreta ou dalgún lugar concreto onde haxa unha problemática, rogámoslles que o fagan chegar máis aló de xeneralidades como as que recollen aquí de faltas de puntualidade, buses sen capacidade, falta de información...

Porque nós podemos dicirlle, por exemplo, que o autobús que conecta todo o concello co centro de saúde todos os martes, ten unha media de entre 3 e 6 persoas usuarias.

Se falamos de A Graña con Santiago, temos dúas horas de saída (ás 6:50 e ás 10:00 da mañá) e tres voltas (12, 13:00 e 19:10 horas); e o que nos din dende a empresa é que nos de ida van unha media de 5 ou 6 persoas, pero que ningún deles volve en calquera dos outros horarios. Que tratamos de dicir con isto?, que o servizo tamén ten que adaptarse á demanda, e se vostedes coñecen outras frecuencias que serían de maior utilidade para a veciñanza dalgunha aldea ou parroquia, este é o lugar onde deben presentalos se de verdade queren que se lle atope unha solución.

Sobre a cuestión concreta da parada do instituto, aínda non temos unha resposta por parte da Xunta de Galicia, e sobre ese servizo de buses entre parroquias que existiu hai anos neste concello, dicirlle que grazas polo recoñecemento pero non durou máis de seis meses porque non tiña demanda real.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que hai problemas de puntualidade e falta de capacidade dalgúns autobuses, sobre todo a hora punta. Un caso concreto é o bus que ven de Rois que podía seguir ata Sabaxáns. Engade que habería que pedir á Xunta máis servizos dende a parte de arriba ata A Gándara.

O Sr. Alcalde sinala que algunhas rutas as sacou a Xunta porque non teñen demanda; o tema de Bastavales se fixo unha petición por unha persoa que o emprega dous ou tres veces ao mes para ir ao hospital. Engade que un autobús os martes conecta todas as parroquias e leva 2/3 persoas ao día, e iso se deixa de gastar noutras cousas.

2. SOBRE A MANCOMUNIDADE DA SERRA DE BARBANZA.

Voltamos unha vez máis co asunto grave da situación da planta da Mancomunidad Serra do Barbanza despois de ver o auto bombo da concelleira de desfeita ambiental da Xunta gabándose da "incorporación dos 9 nove concellos a Sogama". Evidentemente os feitos parecen acelerarse e aquel sono desexado dalgúns concellos e algúns partidos de liquidar a planta estase a cumprir. Mais aló de compartir parte da diagnose da situación expresada polo noso grupo en multitude de ocasións, entendemos que a asunción da política de desfeita ambiental de Sogama non é o camiño para solucionar a problemática da recollida e selección de lixo como todos sabemos.

Como os discursos varían dunha semana para a outra, queremos que se nos informe en dous sentidos vitais:

- Cal é a situación actual da planta, así como dos socios e concellos adheridos que non estaban a pagar as correspondente cotas.

- Desexamos saber cal é a situación dos traballadores e traballadoras da planta, cal é a súa situación actual e como se van ver afectados os seus postos de traballo e estabilidade laboral con todo o tema de cambios de modelo. Entendemos que os postos vanse adaptar pero que en todo caso, e tal como se dixo aquí, non se perderán postos de traballo.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non sei a que discursos se refire vostede que varían dunha semana para outra, porque se leva dicindo o mesmo dende o principio: trabállase para garantir un servizo de recollida eficiente e económico, así como para buscar a viabilidade da planta de Lousame.

Porque quero lembrarlle que o sistema que se empregaba na planta de Lousame non era compatible coa lexislación europea, e xa que fala de que Sogama non era o camiño, tamén quero dicir que non se escoitou a ninguén da súa formación, nin en Brión, nin na Xunta de alcaldes nin na Asemblea da mancomunidade, propoñer unha alternativa viable e, sobre todo legal, diferente á de Sogama. Lémbrolle que o cambio a Sogama non é unha decisión nin dun concello nin de ningún partido, senón unha decisión unánime de todos os concellos e dos partidos representados.

Sobre a situación actual da planta, todos os concellos membros de pleno dereito continúan na mancomunidade, incluídos algún nos que goberna o BNG. Dos tres concellos que non eran socios de pleno dereito, Ames solicitou a súa incorporación e foille concedida. Pontecesures e Rois declinaron esta posibilidade, polo que quedaron fora da mancomunidade e os servizos técnicos da mancomunidade terán que establecer como deben afrontar os pagos que deben á entidade.

Sobre os traballadores, a presidencia da mancomunidade xa se reuniu en varias ocasións co comité de empresa para comunicarlles que Sogama se encarga do tratamento do lixo que se recolla na mancomunidade e que se vai tratar de mellorar o servizo de recollida para garantir a viabilidade da planta de Lousame e o mantemento dos postos de traballo, ese é o momento no que nos atopamos agora.

O Sr. Alcalde sinala que a Pontecesures e Rois a finais de marzo se lles deixa de prestar o servizo e xa que se interesa polo emprego, direille tamén que unha integrante do seu partido presentou alegacións diante do Consello de Contas ao acordo de pagos para reducir a débeda con FCC. Incluso vou máis aló, xa que ese recurso fíxollo unha persoa do seu partido, se ese recurso vai adiante, de seguro que haberá máis concellos que presenten o seu propio, e xa lle digo que non é o mesmo pagar eses 23 millóns de euros de débeda entre 9 que entre 6; e iso afectaría non só ao emprego e aos traballadores, senón tamén aos veciños e veciñas desta mancomunidade.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que entrouse en Sogama porque non quedaba outra opción; sobre os empregos entendo que seguen de alta.

O Sr. Alcalde sinala que iso depende da empresa, non da mancomunidade; os concellos deben dicir que servizo queren en cada momento e en función diso será necesario máis ou menos persoal; na Xunta xeral da mancomunidade da semana que ven cada concello debe dicir o

servizo que quere e o que ten que pagar por ese servizo, e remata sinalando que o lugar para falar disto e na Xunta e na Asemblea da mancomunidade, pero penso que os informei correctamente.

3. SOBRE A COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA Balsa da Cornanda.

Dous anos despois da “creación” da comisión de seguimento para a problemática da balsa da Cornanda onde tíñamos que estar os grupos políticos e sobre todo a veciñanza esta séguese sen convocar e polo tanto a veciñanza seguen sen ter información algunha por parte da administración responsable.

Cando ten previsto convocar o Concello de Brión a comisión de seguimento?

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que os servizos técnicos do concello puxéronse en contacto con Augas de Galicia para recoller toda a información sobre a cuestión; o que se anunciou en outubro de 2025 foi o acordo de retroacción do procedemento de outorgamento concesional, é dicir, que todo volve ao punto inicial. Polo tanto, non hai ningún trámite aberto sobre esta cuestión nin ningunha novidade sobre a que informar, todo sigue exactamente igual, polo que convocar á Comisión de Seguimento para nada, pensamos que non ten sentido ningún.

Se finalmente se presentan os proxectos, ese será o momento no que poidamos manifestarnos: cando se sometan a información pública; e aí estaremos en primeira fila, presentando todas as alegacións que sexan posibles porque a postura deste goberno segue a ser a mesma: apoio total á veciñanza de Cornanda e rexeitamento a este proxecto.

4. SOBRE O PANFLETO DE ALTAMIRA.

Queremos lembrar dende este salón plenario que os grupos municipais recibimos unha achega municipal, pagada por todos os veciños e veciñas que podemos destinar entre outras cousas as nosas progandas, programas, etc. O que non é de recibo é que cos cartos dos orzamentos desde concello teñamos que pagar un panfleto parroquial de 6 follas para meter 14 fotografías do señor alcalde. Nós non imos entrar en valorar os complexos de cada grupo político nesta sesión plenaria, xa haberá tempo para iso, pero si solicitamos oficialmente se nos pase como grupo político como representación do concello o custe total da edición, impresión e reparto deste panfleto así como de todos os custes asociados á publicidade e autobombo do señor alcalde, mesmo as pagadas a algunhas emisoras de radio.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que cómpre poñer orde nos conceptos e nas súas afirmacións:

1.- A revista Altamira é unha publicación de información municipal. Recoller obras, actividades, servizos e actuacións do concello non é autobombo, é rendición de contas á veciñanza: que se fai, onde se fai e con que obxectivo. Vostede utiliza o termo panfleto como cualificativo despectivo, entendo que non lle guste o que nela se conta pois vai totalmente en contra dos seus intereses. Permítame un dato: a revista Altamira é a publicación municipal máis antiga de Galicia escrita integramente en galego. Iso, por si só, merece respecto. O deber do concello é mantela e melloralala. A postura do seu grupo con esta revista vén de lonxe pois levan anos coa teima de acabar con ela.

2.- Vexo que contabiliza as fotografías con detalle, iso denota que leu a publicación con atención. Nas imaxes aparece quen exerce a representación institucional cando se inspecciona unha obra, cando se asiste a unha actividade cultural ou cando se presenta un servizo. Iso é habitual aquí e en calquera concello. Quen dá a cara para o bo e para o malo é a alcaldía, non por vaidade, senón por responsabilidade pública. Se vostede considera que unha fotografía institucional é propaganda, a discusión non é a revista Altamira, é o seu criterio sobre como debe comunicarse un concello.

3.- A revista págase con cargo a partidas de comunicación e información municipal, como fan todos os concellos; e xa que fala de publicidade, permítame un exemplo que lle vai ser familiar: a publicación anual da Deputación da Coruña sobre as obras do POS chega a todas as casas da provincia e tamén leva fotografías e mensaxes institucionais. Non lle escoitei a mesma indignación nese caso. Ao mellor o problema non é o formato, senón quen conta a información e que información se conta.

4.- Na súa queixa non da un só exemplo concreto de falsidade nin de propaganda partidaria. Se vostede afirma que a revista Altamira conta mentiras, indíqueme unha soa, con páxina, titular e dato. Se vostede afirma que hai apoloxía dun partido, indíqueme unha soa frase onde se pida o voto, se ataque un adversario político ou se use linguaxe partidaria. Concretar é o mínimo cando se acusa.

5.- En canto ao custo, o importe por número ascende a 1.620,72 €, incluíndo impresión e reparto. Se o que solicita é o detalle por conceptos e proveedor, consta nas facturas e nos documentos contables do expediente correspondente, accesibles polos procedementos habituais.

6.- Sobre todos os custes asociados á publicidade e autobombo do señor alcalde, pídlle un pouco de precisión. O concello ten acordos de publicidade institucional para a difusión de actividades e servizos municipais. Por moito que buscamos non existe, nin existiu, ningún concepto orzamentario nin contractual chamado autobombo do alcalde. Se o que vostede pide é unha relación de gastos de comunicación institucional, debe delimitar cando menos: período, medios concretos e tipo de acción (cuñas, insercións, banners, etc.). Sen ela o que está pedindo é facer unha "pesca de arrastre" sen obxecto definido, que entorpece innecesariamente o traballo de intervención.

En conclusión, a revista Altamira, gústelle ou non, informa da realidade municipal. Se quere que a súa queixa teña base, agardo dúas cousas: un exemplo de mentira e un exemplo de propaganda partidaria. Mentres non os haxa, a revista Altamira seguirá facendo o que leva facendo máis de 40 anos: informar á veciñanza do que se fai e por que se fai.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a revista non é un panfleto, que é información municipal que debía contar cunha páxina para cada grupo político, e que o alcalde dixo con anterioridade que non ía continuar.

O Sr. Alcalde sinala que as cousas se fan en función das demandas dos veciños e esta mesma mañá unha veciña se queixou porque non lle chegou a revista.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que respecto diso que dixeron do POS, poden facelo formalmente ante a deputación, non vaia ser que tire pedras contra o seu propio tellado.

5. SOBRE AS PROBLEMÁTICAS E NECESIDADES NO IES.

Despois de falar, como facemos habitualmente cos centros educativos e as ANPAS, achégannos necesidades que precisan cubrir de forma máis ou menos urxente ou prioritarias:

- Creación de espazos para actividades de lecer para adolescentes. Problemática traída a este pleno en numerosas ocasións por este grupo e totalmente responsabilidade do Concello. Creacións de espazos xuvenís tal e como se fixo noutros concellos, con actividades lúdicas e que fomenten outro tipo de lecer.

- Mellora urxente das instalacións. Solicitamos que o concello se implique dunha vez por todas en apoiar á ANPA e ao profesorado, aproveitando as súas excelentes relacións do PP que goberna a Xunta. Instalacións urxentes de vinilos, garantir as condicións ambientais e o benestar e a saúde da rapazada. Instalación duna rede de protección exterior para evitar que os balóns paren na rúa, apoio para a adquisición de material deportivo e de lecer, posibilidade de colaborar na dotación de material deportivo e de xogo, que o concello poña os medios e o esforzo no importante. E sobre todo, información clara, concisa, alonxada do autobombo e os argumentos permanentes de cal é a situación actual sobre as actuacións previstas para cubrir o patio.

En definitiva, unha comunicación concreta, con datos e datas sobre todo o tema referido nesta pregunta e outros que puideran quedar pendentes.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que está ben que nos pida información clara, concisa e alonxada do autobombo, cando esta pregunta é totalmente o contrario, pero vou tratar de ser o máis precisa e concreta posible:

Cubrición do patio: Repítole o que xa lle dixen varias veces, cando o proxecto estea redactado por parte dos técnicos, informarase á comunidade educativa.

Sobre a creación de espazos para actividades de lecer para a mocidade, a Concelleira de Educación ten pendente reunirse de novo coa mocidade xa que a opción preferente deles, que era habilitar un espazo en Montebalado, actualmente non é viable. Si que se lle propuxeron outras alternativas e espazos dispoñibles, pero non amosaron interese por ningún deles. Polo tanto, o que imos facer é ver que actividades nos presentan e trataremos de buscarlle acomodo puntual. Na anterior reunión falamos de organizar cursos, por exemplo, e eses pensamos que poden levarse a cabo nos edificios municipais dispoñibles. Outras actividades, como a saída ao Aquapark, xa nin precisarían dese espazo. E mire que podería tirar dese autobombo do que fala vostede, pero nós non somos así. Falamos cando as cousas están conseguidas e neste caso aínda non é así. Pero seguimos traballando para ofrecer alternativas para os nosos mozos e mozas.

E por certo, se as urxencias e problemáticas do instituto son uns vinilos e unha rede para que non escapen as pelotas, indirectamente están recoñecendo que as instalacións están nunhas excelentes condicións. Pero a pesar de que non é a nosa competencia, dende o concello sempre estamos dispostos a buscar solucións que benefician aos nosos mozos e mozas. E por iso podo dicirlle, por exemplo, que a rede da que fala xa está encargada, e tentaremos tamén

de dar resposta ás outras necesidades como sempre facemos, aínda que non sexa da nosa competencia.

E por último, e aínda que non o pregunta, xa lle digo eu que onde hai avances é na cesión dos terreos para a construción da dársena para os autobuses, que dará servizo tanto á rapazada do colexio como do instituto.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que pedimos que se reúnan coa ANPA e explíquenlle todo iso, porque están desinformados.

O Sr. Alcalde sinala que facemos o que podemos, aínda que non temos competencia.

6. SOBRE OS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.

Estamos a finais do mes de febreiro e como ven sendo habitual cada ano seguemos sen saber que vai pasar cos orzamentos municipais. A incapacidade política deste goberno de coalición fixo imposible ter uns orzamentos para o 2025 cos argumentos habituais que en definitiva e traducido para todos non significan máis que non somos capaces de xestionar os cartos de toda a veciñanza.

Cal é a previsión para este ano? Vaise contar cos grupos municipais e có único grupo da oposición?

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que a resposta é a mesma que vimos repetindo pero que vostede non quere entender: vai haber orzamentos municipais en 2026.

En canto o equipo técnico os teña dispoñibles, serán traídos a Pleno, e sobre se imos contar con vostedes para a súa elaboración, repítolle o que lle dixen neste mesmo lugar no Pleno anterior: que sentido ten sentarse con vostedes a negociar uns orzamentos para que despois se absteñan?

Repetímolo dende o Pleno de posesión: a man está tendida sempre que queiran aportar, colaborar e traballar polos veciños e veciñas de Brión. Se só buscan enredar e atrasar as cousas, como fixeron hai dous anos, citándoo literalmente a vostede: "os seus votos non son necesarios para a aprobación da proposta".

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós non nos abstivemos, nós votamos en contra.

6.2. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Como vimos hai uns días nos xornais que se van facer as beirarrúas en Mourentáns, queríamos saber a previsión das actuacións a realizar tanto dende a deputación como do concello.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que por parte do concello, e grazas á colaboración dos veciños e veciñas de Mourentáns, xa dispoñemos da cesión dos terreos precisos para a execución das obras; desta forma cumprimos co compromiso que adquirimos coa deputación,

de forma que dende o concello nos encargamos da cesión dos terreos mentres que dende o ente provincial encargaranse de elaborar o proxecto e licitar as obras.

Na reunión que tivo lugar en Brión coa deputada responsable de infraestruturas, Mónica Rodríguez, e o equipo técnico da deputación, concretáronse os puntos quilométricos das beirarrúas e os técnicos comprometeron que presentarían o borrador do proxecto a finais deste mes ou principios de marzo.

O alcalde xa lle transmitiu á deputación o fondo malestar existente en Brión polo inxustificado atraso que acumula esta obra, pois estamos falando de cinco anos. Cinco anos de reunións, de visitas do alcalde á deputación e de moito insistir para algo que agardamos que dunha vez vaia adiante, porque estaremos vixiantes e insistiremos o que haxa que insistir para que as obras poidan realizarse o antes posible.

2. Vistas as precipitacións caídas estes días e a vista de como quedou a ponte de Vidalóiso. Queríamos saber as actuacións a realizar polo concello.

Resposta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que sobre a ponte de Vidalóiso, como xa saben, tiñamos prevista a súa restauración a través dunha axuda da deputación provincial, a través da convocatoria de subvencións a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal do ano 2026, sen embargo, esta sucesión de temporais e enchentes de ríos levou por diante gran parte da infraestrutura da ponte.

O que se fixo dende o concello foi contactar con Augas de Galicia para coñecer en que escenario nos movemos agora: se podemos derrubar a estrutura existente e cambiala por outra ponte ou se temos que manter esas columnas e restaurar a ponte. Actuaremos segundo o que nos autoricen a facer e buscaremos o apoio necesario.

3. Como xa trouxemos xa a un pleno queríamos saber se se vai facer algunha actuación no acceso a Pazos en Ons e a estrada de Boullón, que vai dende Tembra ata o medio da aldea, que vai por diante da hípica, xa que con estas precipitacións caídas aínda se agravaron máis as fochancas existentes.

4. Como xa trouxemos noutras ocasións a este pleno, queríamos saber se se vai poder facer algún tipo de actuación na estrada que vai de Mourentáns a Brión ao paso por Rañalonga, xa que as fochancas cada vez son máis grandes e dificultan a circulación.

Resposta conxunta:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que temos previsto actuacións de mantemento e mellora tanto nestas pistas que mencionades, como en moitas máis ao longo deste concello. Precisamente, esta mesma semana o noso concelleiro de obras foi mirar o estado da pista de acceso a Ons, pero mentres o tempo continúa así, non se pode facer nada porque sería tirar cos cartos, xa que o que arranxemos hoxe, volverá estar mal á semana seguinte.

É unha situación que estamos vivindo todos os concellos de Galicia, pero confirmamos que en canto sexa posible, actuaremos sobre esas pistas.

Antes de rematar o Pleno apróbase por unanimidade dos once membros presentes, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2), a seguinte

declaración institucional:

1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA CONSEGUIR AVANZAR EN IGUALDADE REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO.

1. A Corporación municipal do Concello de Brión reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego organizado neste 8 de marzo de 2026.

2. Reclamar á Xunta de Galiza a promoción dun acordo de país para a creación do Instituto Galego das Mulleres como un organismo público que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galiza. Para tal fin, o Instituto contará con personalidade xurídica propia, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de obrar para o exercicio das súas funcións e terá como obxectivo a promoción das condicións que promovan a igualdade e supriman todos os obstáculos que a impiden así como a eliminación de todas as formas de discriminación das mulleres en Galiza.

3. Instar á Xunta de Galiza a impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González.